

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA A CONFECCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE PERSOAL AXENTES DE IGUALDADE

SESIÓN DO 11/08/2022

Presidenta: Margarita Sampedro Mariño

Secretaria: María Mariño Poza

Vogal 1: Vanesa García García

Vogal 2: Joaquina Lomba Fernández

Vogal 3: César R. Tarela Pérez

No salón de plenos do Concello de Boiro, sendo as 09:00 horas do 11/08/2022, reúnenos os membros do tribunal designado para a confección dunha bolsa de emprego temporal de axentes de igualdade.

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 118 de data 22 de xuño de 2022, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do Concello de Boiro www.boiro.gal.

O obxecto desta sesión é a resolución das posibles alegacións presentadas a fase de oposición como para a fase de concurso, outorgar as puntuacións definitiva e, finalmente a realización de proposta de bolsa de emprego.

1.- ALEGACIÓNS:

Constan tres alegacións presentadas en tempo e forma:

1.1.- NOELIA REY FAJIN.- Solicita revisión da planilla de respostas da proba tipo test e que se lle valore como formación complementaria o Master en materia de igualdade.

Unha vez revisada a planilla de respostas correspondente a esta candidata compróbase que non existe erro na súa corrección.

Nas bases de selección que rexen este proceso selectivo consta como requisito "Ter formación especializada en materia de igualdade de xénero ou violencia de xénero (mínimo 500 h) salvo no caso do Grao en Igualdade" polo que o máster presentado en materia de igualdade é un requisito, polo que non pode ser valorado novamente para mérito de formación complementaria.

Así, o tribunal acorda por unanimidade desestimar as alegacións presentadas pola candidata Noelia Rey Fajín.

1.2.- ANA MOSCONI CADILLO.- solicita revisión dos méritos presentados, e concretamente a valoración de tres cursos relativos a violencia de xénero e igualdade de oportunidades.

Unha vez analizada de novo a documentación presentada pola candidata Ana Mosconi Cadillo, o tribunal acorda por unanimidade estimar a alegación presentada e outorgarlle 1,16 puntos en concepto de formación complementaria.

1.3.- CRISTINA PIÑEIRO RIAL.- En relación á pregunta número 32 do test relativo a proba de avaliación de coñecementos :

32.- *En relación ao plan de igualdade de oportunidades (PIOM) do concello de Boiro:*

a) *Existe un único plan vixente na actualidade*

b) *Existen II PIOM sendo o primeiro no ano 2003*

c) *O plan que está vixente é o III PIOM 2019-2023*



d) Ningunha é correcta

Na planilla de corrección aparece coma correcta a resposta d), e a candidata Cristina Piñeiro Rial solicita "o cambio da pregunta correcta pola opción A, pois na actualidade no Concello de Boiro só está vixente o III Plan de Igualdade de Oportunidades (2019-2022). O primeiro plan estivo vixente dende o 2005 ata o 2008 e o segundo dende o 2014 ao 2017, tal e como se indica no actual PIOM."

Unha vez revisada a pregunta número 32 o tribunal acorda estimar a alegación presentada pola candidata Cristina Piñeiro Rial e modificar a resposta d) dada como correcta nun primeiro momento pola resposta a), polo que procede, asemade, revisar e, se é o caso, modificar as puntuacións outorgadas no 1º exercicio (proba tipo test):

Nº	NOME	PREGUNTAS ERRADAS	PREGUNTAS ACERTADAS	PUNTOS 1º EXERCICIO
1	ADRIAN MANUEL GONÇALVES BARBOSA	15	35	7,86
2	ANA MOSCONI CADILLO	17	33	7,57
3	CAROLINA RODRÍGUEZ HERNÁNDEZ	10	40	8,57
4	CRISTINA PIÑEIRO RIAL	24	26	6,57
5	CRISTINA RODRIGUEZ FERNANDEZ	22	28	6,86
6	FERNANDO ARMENDARIZ GIL	17	33	7,57
7	MARIA BEATRIZ LOURIDO BLANCO	15	35	7,86
8	MARINA FERNANDEZ ANDION	23	27	6,71
9	NOELIA REY FAJIN	23	27	6,71
10	SABELA LOSADA CORTIZAS	23	27	6,71

4.- PUNTUACIÓN DEFINITIVAS:

O tribunal, por unanimidade acorda outorgar a seguintes puntuacións definitivas:

Nº	NOME	TOTAL OPOSICIÓN	PTOS F. COMPL.	PTOS EXP. PROF.	TOTAL MÉRITOS	PUNTUACIÓN TOTAL
1	ADRIAN MANUEL GONÇALVES BARBOSA	15,86	3	0,3	3,3	19,16
2	ANA MOSCONI CADILLO	14,57	1,16	0,12	1,28	15,85
3	CAROLINA RODRÍGUEZ HERNÁNDEZ	16,07	3	0,5	3,5	19,57
4	CRISTINA PIÑEIRO RIAL	11,57	3	0,1	3,1	14,67
5	CRISTINA RODRIGUEZ FERNANDEZ	12,86	0,6	0	0,6	13,46
6	FERNANDO ARMENDARIZ GIL	12,57	3	0	3	15,57
7	MARIA BEATRIZ LOURIDO BLANCO	15,36	0,3	0	0,3	15,66
8	MARINA FERNANDEZ ANDION	13,71	0,08	0	0,08	13,79
9	NOELIA REY FAJIN	11,71	1,25	0	1,25	12,96
10	SABELA LOSADA CORTIZAS	15,71	3	0,85	3,85	19,56

5.- PROPOSTA BOLSA DE EMPREGO.

O tribunal, por unanimidade acorda propoñer a seguinte bolsa de emprego temporal de axentes de igualdade:



Nº	NOME	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CAROLINA RODRÍGUEZ HERNÁNDEZ	19,57
2	SABELA LOSADA CORTIZAS	19,56
3	ADRIAN MANUEL GONÇALVES BARBOSA	19,16
4	ANA MOSCONI CADILLO	15,85
5	MARIA BEATRIZ LOURIDO BLANCO	15,66
6	FERNANDO ARMENDARIZ GIL	15,57
7	CRISTINA PIÑEIRO RIAL	14,67
8	MARINA FERNANDEZ ANDION	13,79
9	CRISTINA RODRIGUEZ FERNANDEZ	13,46
10	NOELIA REY FAJIN	12,96

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 9:30 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Margarita Sampedro Mariño

María Mariño Poza

Vanesa García García

Joaquina Lomba Fernández

César R. Tarela Pérez

